

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13112	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Fecha</i> 27-08-19 09:26

Número 8 .- Proposta da concellería delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago, en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo FEDER no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de agosto de 2019 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 8 .- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO, EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCINT) 2014-2020.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 23 de agosto de 2019, da concellería delegada de Economía e Facenda. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 739/2019 de data 23.8.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Mercedes Rosón Ferreiro, en substitución da concelleira Marta Abal Rodríguez, por decreto da alcaldía de data 31-xullo-2019, edil delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1I2	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Fecha</i> 27-08-19 09:26

Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020". consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019 .

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 30-07-2019 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador, UTE SCIENCE & INNOVATION LINK OFFICE, SL - RED2RED CONSULTORES, SL

Segundo: Finalmente, con data 22 de agosto celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

Terceiro.- Con data 12/12/2018 tramitouse unha modificación orzamentaria na que se introducía o cambio de aplicación orzamentaria destinada a cobertura dos gastos derivados da presente contratación, dende a aplicación económica 22706 a 64100. O expediente inicial tramitouse como anticipado de gasto (informe de intervención 1.126/18)

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor de, UTE SCIENCE & INNOVATION LINK OFFICE, SL - RED2RED CONSULTORES, SL por un importe de **280.000,00** euros (IVE aparte 21%: 58.800,00 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.

Autorizar e comprometer o gasto derivado da tramitación anticipada desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **060 46200 64100 (2018 2 TIAGO 27)**, reservándose as cantidades indicadas en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311I2	CON/31/2018	27-08-19 09:26

Exercicio	Importe	FEDER	Fondos propios
		80%	20%
2019	158.906,25	127.125,00	31.781,25
2020	211.875,00	169.500,00	42.375,00
2021	194.218,75	155.375,00	38.843,75
<b>TOTAL</b>	<b>565.000,00</b>	<b>452.000,00</b>	<b>113.000,00</b>

Existencia de cofinanciación: O proxecto SMARTiAGO financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020.

Esta cofinanciación lévase a cabo a través do Convenio asinado con data 4 de decembro de 2017, entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC) para o proxecto SMARTiAGO cofinanciado con fondos FEDER.

Dado que se estima o inicio do contrato con data moi posterior ao momento no que se efectuaron as oportunas anotacións contables, as cantidades arriba indicadas serán obxecto da reanualización que corresponda."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020" a favor de UTE SCIENCE & INNOVATION LINK OFFICE, SL - RED2RED CONSULTORES, SL por un importe de 280.000,00 euros (IVE aparte 21%: 58.800,00 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG131112	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Fecha</i> 27-08-19 09:26

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.

Autorizar e comprometer o gasto derivado da tramitación anticipada desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 060 46200 64100 (2018 2 TIAGO 27), reservándose as cantidades indicadas en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

Exercicio	Importe	FEDER	Fondos propios
		80%	20%
2019	158.906,25	127.125,00	31.781,25
2020	211.875,00	169.500,00	42.375,00
2021	194.218,75	155.375,00	38.843,75
<b>TOTAL</b>	<b>565.000,00</b>	<b>452.000,00</b>	<b>113.000,00</b>

Existencia de cofinanciación: O proxecto SMARTiAGO financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020.

Esta cofinanciación lévase a cabo a través do Convenio asinado con data 4 de decembro de 2017, entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC) para o proxecto SMARTiAGO cofinanciado con fondos FEDER.

Dado que se estima o inicio do contrato con data moi posterior ao momento no que se efectuaron as oportunas anotacións contables, as cantidades arriba indicadas serán obxecto da reanualización que corresponda.

**A CONCELEIRA SECRETARIA SUBSTITUTA DA XUNTA DE GOBERNO DA  
CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Mercedes Rosón Ferreiro

